

## A CONSELLERÍA NON NEGOCIA O ACORDO DE MANTENIMENTO DO EMPREGO

21 de outubro de 2017

### Á CONSELLERÍA NON LLE PREOCUPA A PERDA DE POSTOS DE TRABALLO

Despois de que a administración nos dixese reiteradamente ás organizacións sindicais e empresariais que nos puxésemos de acordo para facer unha proposta de Acordo de Mantemento de Emprego, despois de que ditas organización puxeramos moito traballo e xenerosidade, cedendo moitísimo das propias posicións iniciais absolutamente todas as partes implicadas, presentamos por rexistro o día 5 de xuño dito acordo e unha solicitude de xuntanza para negocialo coa administración.

Ante a falta de resposta o día 4 de outubro presentamos por rexistro un escrito ao Conselleiro de Educación pedíndolle unha xuntanza por este tema e incluíndo algún máis como a PEA, recortes salariais desde o 2010, etc.

Este luns pasado, 16 de outubro ás 13:57 horas se nos envía un correo convocando a Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado para o mércores día 18. A orde do día consiste en “información varias”.

Presentado este tema, obtemos algunhas respostas surrealistas:

**“NON É UN TEMA QUE NOS PREOCUPE, NON HAI NADA QUE NEGOCIAR”**

**“TAN MAL NON O ESTAMOS A FACER CANDO CADA VEZ TEMOS MÁIS  
VOTOS”**

Ante a insistencia de UGT o Director Xeral espetounos:

**“O AME ACABOUSE NO 2009. ACABADO, ENTENDES O QUE É  
ACABADO?”**

Desde a FeSP UGT denunciámos a inexistenza dunha mesa de negociación cos representantes dos traballadores do ensino concertado; pasado un ano desde a última xuntanza, este foi o simulacro de CTEPC á que nos someteu a administración. O Sindicato Nacional de Ensino Privado da FeSP UGT de Galicia rexeita as actitudes impositivas da Consellería de Educación, a inexistenza de diálogo, a intención de que ese diálogo siga sendo inexistente, a falta de respecto ás traballadoras e aos traballadores do ensino concertado, a negación dunha auténtica mesa de negociación onde se poida discutir das nosas reivindicacións seguindo o mandato constitucional do dereito á negociación colectiva.

***Xuntos podemos máis***

**SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO  
DA FeSP-UGT ENSINO**